



PREGUNTAS FRECUENTES EDIXGAL.

1. Se as familias se negan a firmar a cesión do uso de ordenadores Edixgal pódense usar na aula?

Si, pero só o poderán usar na aula en ningún caso o poderán sacar do centro escolar.

2. Quen pode contratar o seguro do ordenador?

As familias son as que deben contratar e xestionar o seguro do ordenador.

3. Se o ordenador cae de forma accidental e rompe no centro escolar e este non ten contratado o seguro nin firmada a cesión dos ordenadores, as familias teñen algunha responsabilidade?

Si, o feito de non firmar a cesión dos ordenadores non os exime de responsabilidade tal e como se recolle na lexislación vixente.

DECRETO 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

“Artigo 35. Reparación de danos causados

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.”

Asemade, sempre ao amparo da lexislación vixente, de producirse un deterioro do ordenador na aula aplicarase o recollido nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF).